

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MIÑO

*Aprobación inicial das tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi*

O Pleno da Corporación municipal do Concello de Miño, na sesión ordinaria celebrada o día 19 de decembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi segundo se detalla a continuación:

**TARIFA 1: Aplicable en días laborables de 06:00 a 22:00 horas.**

CONCEPTO	PREZO SEN IVE	PREZO IVE INCLUÍDO
PERCEPCIÓN MÍNIMA*	3,59 EUROS	3,95 EUROS
KILOMETRO PERCORRIDO	1,05 EUROS	1,15 EUROS
HORA DE ESPERA	14,55 EUROS	16,00 EUROS

\*Inclúe 1.700 metros ou tempo equivalente.

**TARIFA 2: Aplicable en días laborables de 22:00 a 06:00 horas, sábados, domingos, festivos e o 24 e 31 de Decembro as 24 horas.**

CONCEPTO	PREZO SEN IVE	PREZO IVE INCLUÍDO
BAIXADA BANDEIRA*	4,36 EUROS	4,80 EUROS
KILOMETRO PERCORRIDO	1,23 EUROS	1,35 EUROS
HORA DE ESPERA	19,09 EUROS	21,00 EUROS

\*Inclúe 1.700 metros ou tempo equivalente.

**Suplementos de tarifa 1 e 2:**

CONCEPTO	PREZO SEN IVE	PREZO IVE INCLUÍDO
OCUPACIÓN DE MALETEIRO (1)	0,92 EUROS	1,00 EUROS
TRASLADO CANS E GATOS (2)	1,05 EUROS	1,15 EUROS

(1) Agás as cadeiras de persoas con mobilidade reducida.

(2) Agás cans guías

**Suplemento especial**

CONCEPTO	PREZO SEN IVE	PREZO IVE INCLUÍDO
NOITEBOA E NOITEVELLA	2,73 EUROS	3,00 EUROS

Este suplemento aplicarase o día 24 de decembro dende as 22:00 horas e ata as 08:00 horas do día 25 de decembro e o 31 de decembro dende as 22:00 horas e ata as 10:00 horas do día 1 de xaneiro.

**Os usuarios terán dereito ao transporte gratuito no maletreiro de un vulto de equipaxe ou pertenza por cada pasaxeiro transportado.**

O tipo de IVE aplicado nas tarifas é o 10%.

O expediente de referencia queda sometido a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo as persoas interesadas examinar o dito expediente nas oficinas municipais, situadas na rúa da Carreira, nº 38, dende as 9.00 ata as 14.00 horas, e presentar as alegacións que consideren oportunas.

Unha vez transcorrido o prazo de exposición, remitirase o expediente á Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia, para o seu informe e autorización (se procede).

Miño, 30 de decembro de 2024

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

2024/9463